

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, PARA A DEBIDA XESTIÓN DUNHAS OBRAS NA ZONA RURAL (PPU-2024).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 18-2025, por un importe total de 8.326,79 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2024), segundo o seguinte teor:

"Dentro do PPU-24 realizáronse 5 actuacións correspondentes a obras en Calde, Garaballa (pendente de recepción), Veral, Saa e Meilán. Debido a que xurdiron certificacións de liquidación para a obra de Veral, modificación no importe dos honorarios das obras, así como modificación do proxecto da Garaballa, que quedou en dúas ocasións deserta a adxudicación, resultaron incrementos de custo respecto ao aprobado inicialmente pola Deputación, incrementos dos que non se fai cargo a Deputación e ten que asumilos o Concello. A día de hoxe, segundo información de Contabilidade, Medio Rural ten dispoñible para Remanentes 31.069,44 €, cantidade non coincidente cos cálculos de Medio Rural que suman 39.396,23 €.

O déficit pode deberse a que os seguintes conceptos, que deben ir a cargo do Concello foron incluídos no aporte da Deputación:

- 1. Aumento do orzamento da obra en Garaballa por 5.236,11 € que se está executando neste mes.*
- 2. Certificación de liquidación para a obra en Veral por importe de 1.806,09 €*
- 3. Incremento dos honorarios para as obras de Garaballa e Veral por 1.284,59 €*

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/988, de data 23.06.2025, así como o RCMOD núm: 2025/40995, por importe de 8.326,79 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 8.326,79 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P	IMPORTE €
---	-----------	---	-----	-----------

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3624779463626893182.doc

Asunto: Transferencia de crédito 18-2025 PPU Obras Calde e outras

45910.21000	8.326,79 €	45910.61900	24XX00037	8.326,79 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	8.326,79 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		8.326,79 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.